



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2012/13 |
| Asignatura (*) | Idioma Moderno: Francés | Código | 613G03016 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Francés | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Galego-Portugués, Francés e Lingüística | | | |
| Coordinación | Regueiro Diehl, María Mercedes | Correo electrónico | mercedes.regueiro.diehl@udc.es | |
| Profesorado | Regueiro Diehl, María Mercedes | Correo electrónico | mercedes.regueiro.diehl@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma.</p> <p>Estudiaranse os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral).</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá conseguir consolidar as competencias do nivel A2 segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|--|
| Código | Competencias da titulación |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|------------------|----------|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
| | Comprender os puntos esenciais dun discurso oral cando se utiliza unha lingua clara e estándar e cando se tratan asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou temas de interese persoal ou académico. | A8 A10 A15 | B4 B8 |
| Buscar información específica e comprender textos sinxelos redactados nunha lingua estándar. | A8 A10 A15 | B4 B8 | C2 C4 |
| Comprender a descrición de acontecementos, a expresión de sentimentos e desexos en cartas persoais. | A8 A10 A15 | B4 B8 | C2 C4 |
| Facer fronte á maioría das situacións cotiás que implicaría a estancia nun país francófono. | A8 A10 A15 | B4 B8 | C2 C4 |



| | | | |
|--|------------------|----------------|----------|
| Participar espontaneamente (isto é, sen preparación previa) nunha conversa sobre asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou sobre temas de interese persoal ou académico. | A8 A10 A15 | B4 B7 B8 | C2 C4 |
| Expresar de maneira sinxela mais cohesionada experiencias, desexos, opinións, proxectos... e dar razóns e explicacións sobre eles. | A8 A10 A15 | B4 B7 B8 | C2 C4 |
| Referir unha historia, ou o argumento dunha película, dun libro... e expresar ao respecto reaccións persoais. | A8 A10 A15 | B4 B7 B8 | C2 C4 |
| Escribir un texto sinxelo e coherente (breves ensaios, cartas, correos electrónicos...) sobre temas de interese académico ou persoal, describindo experiencias e opinións. | A8 A10 | B4 B7 B8 | C2 C4 |

| Contidos | |
|-----------------------------|---|
| Temas | Subtemas |
| A. Gramática | <ol style="list-style-type: none"> 1. Normas xerais de ortografía. A elisión. H muet e aspiré. 2. O sustantivo: xénero e número. 3. O adxectivo calificativo: xénero e número. 4. O artigo: definido, definido contracto, indefinido, partitivo. Formas negativas do artigo. 5. Os adxectivos e os pronomes posesivos. 6. Os adxectivos e os pronomes demostrativos. 7. Os pronomes persoais: suxeito, reflexivos, tónicos. 8. A negación. 9. A interrogación directa total e parcial: a estrutura "est-ce que", a inversión simple e complexa. 10. O verbo: avoir, être; as 3 conxugacións; os verbos pronominais; a negación das formas verbais; os tempos verbais simples; os tempos verbais compostos; uso dos auxiliares e casos xerais de concordancia do participio. 11. Os pronomes relativos qui, que, où, leque. 12. A comparación. 13. Principais adverbios e preposicións. |
| B. Obxectivos comunicativos | <ol style="list-style-type: none"> 1. Normas xerais de pronuncia. 2. Presentarse, presentar, saúdar. 3. Falar do entorno persoal. 4. Expresar opinións, gustos, desexos, sentimentos, sensacións. 5. Expresar obrigacións e prohibicións. 6. Pedir/dar informacións e explicacións. 7. Utilizar o teléfono e o computador. 8. A identificación. 9. A cuantificación. 10. A caracterización. 11. A calificación. 12. A localización temporal. 13. A localización espacial. |



| | |
|-----------|--|
| C. Léxico | <ol style="list-style-type: none"> 1. Nacionalidades e países. 2. Profesiões. 3. A familia. 4. Os números, a hora, o calendario, o tempo. 5. O corpo e a saúde. 6. A alimentación. 7. A roupa. As compras. 8. A vivenda, a cidade, a natureza, o medio ambiente. 9. As viaxes e os transportes. 10. As actividades culturais e deportivas. 11. Os estudos e o mundo académico. 12. Os medios de comunicación. 13. O teléfono, o computador, internet. |
|-----------|--|

| Planificación | | | |
|------------------------|-------------------|--|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | 2 | 0 | 2 |
| Discusión dirixida | 20 | 25 | 45 |
| Lecturas | 0 | 13 | 13 |
| Proba obxectiva | 2 | 11 | 13 |
| Proba oral | 1 | 5 | 6 |
| Sesión maxistral | 7 | 19 | 26 |
| Solución de problemas | 10 | 29 | 39 |
| Atención personalizada | 6 | 0 | 6 |

**Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado*

| Metodoloxías | |
|----------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida en lingua francesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado. |
| Discusión dirixida | <p>Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral). Estas actividades lévanse a cabo en grupos pequenos e están a cargo do-da profesor-a lector-a.</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade.</p> <p>Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado Avaliación).</p> |
| Lecturas | Ademais da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lectura todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia. |
| Proba obxectiva | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas. |
| Proba oral | Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista individual. Os-as estudantes terán tamén que ler un texto en voz alta e improvisar situacións suxeridas polo-a profesor-a responsable da proba, que poderá usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba. |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do profesorado dos contidos relativos a cada un dos temas e subtemas, co apoio de medios audiovisuais e documentación adicional |



| | |
|-----------------------|---|
| Solución de problemas | <p>Nesta materia chámase solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita.</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?).</p> <p>Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado Avaliación).</p> |
|-----------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------------|--|
| Discusión dirixida | <p>A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. O profesorado fará un seguimento particular de cada estudante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo.</p> <p>O profesorado poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos-ás estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen.</p> <p>Os-as estudantes poden acudir en horario de titorías e aulas ao profesorado para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estimen pertinentes.</p> <p>Os horarios de titorías do profesorado da materia pódense consultar no taboleiro de horarios ou na páxina web da facultade.</p> |
| Solución de problemas | |
| Sesión maxistral | |
| Proba obxectiva | |
| Proba oral | |
| Lecturas | |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---|---------------|
| Discusión dirixida | <p>Actividades da parte práctica (léxico, expresión oral, comprensión oral, interacción oral).</p> <p>Inclúe a valoración da asistencia ás aulas.</p> <p>Ver en Observacións precisións e ponderacións máis detalladas.</p> | 16 |
| Solución de problemas | <p>Actividades da parte teórico-práctica (contidos gramaticais, expresión escrita e a comprensión lectora).</p> <p>Inclúe a valoración da asistencia ás aulas.</p> <p>Ver en Observacións precisións e ponderacións máis detalladas.</p> | 30 |
| Proba obxectiva | <p>Probas escritas da parte práctica e da parte teórico-práctica que o-a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuadrimestre.</p> <p>Ver en Observacións precisións e ponderacións máis detalladas.</p> | 42 |
| Proba oral | <p>Proba oral que o-a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre.</p> <p>Ver en Observacións precisións e ponderacións máis detalladas.</p> | 12 |

Observacións avaliación



LEA

ATENTAMENTE A INFORMACIÓN QUE SEGUE:

1. O alumnado ten dúas oportunidades para aprobar a materia: a primeira ao final do primeiro cuatrimestre, e a segunda no mes de xullo (as datas oficiais deben ser contrastadas polo alumnado nos taboleiros oficiais ou na páxina web do centro inmediatamente antes de cada período de exames).2. A materia está dividida en 2 partes: teórico-práctica [contidos gramaticais, comprensión lectora, expresión escrita] (60% da nota final) e práctica [léxico, expresión, comprensión e interacción oral] (40% da nota final). É necesario obter unha nota mínima global de 5 sobre 10 en cada parte para superar a totalidade da materia. No caso de aprobar só unha parte da materia na primeira oportunidade conservárase a nota para a segunda oportunidade de xullo.2.1. En cada parte da materia é obrigatorio realizar e obter unha nota mínima de 5 sobre 10 nunha proba final escrita ao remate do 1º cuatrimestre (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade).2.2. Na parte práctica será ademais obrigatorio realizar e aprobar cunha nota mínima de 5 sobre 10 unha proba oral final, que se realizará nos últimos días lectivos do 1º cuatrimestre. O profesorado comunicará públicamente a data, hora e lugar de realización deste exame oral.2.3. En cada parte da materia é obrigatorio realizar un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas obxecto da materia. Normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar un exercicio práctico. Agás causa xustificada e sempre con autorización expresa do profesorado, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas. Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado (nota media de 5 sobre 10) o 70% das actividades previstas antes da realización do exame da primeira oportunidade.3. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:3.1. Parte teórico-práctica (60% da cualificación final):a) Un 50% da nota valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1.).b) Un 45% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3.).c) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e a valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais. Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10. Os contidos e destrezas dos apartados a, b desta parte da materia son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).3.2. Parte práctica (40% da cualificación final):a) Un 30% valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1.).b) Un 30% valorará o exame oral (debe cumprir os requisitos do apartado 2.2.).c) Un 35% valorará as actividades (debe cumprir os requisitos do apartado 2.3.).d) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e a valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais. Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c, d é igual ou superior a 5 sobre 10. Os contidos e destrezas dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).4. O alumno-a alumna que na primeira oportunidade non supere globalmente a materia segundo os criterios anteriormente expostos poderá recuperala totalmente ou parcialmente na oportunidade de xullo (na data,



hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da Facultade) segundo as porcentaxes e criterios expresados máis arriba.4.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nos exames escritos ou no exame oral, deberá facelo(s) de novo na segunda oportunidade. A data, lugar e hora de realización do exame oral da segunda oportunidade comunicárase durante a realización do exame escrito.4.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades, deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas substitutivas nas que terá que demostrar ter acadado as competencias da materia nas distintas destrezas. O profesorado da materia fará públicas en xuño de 2013 as actividades asignadas, as instrucións correspondentes e o prazo de entrega.4.3. De suspender a materia na primeira oportunidade e ter unha puntuación de 0 punto no apartado de asistencia en cada parte da materia, a porcentaxe asignada a este apartado (5%) engadirase a unha das partes que haxa que recuperar, nesta orde de prelación: a) exame escrito; b) actividades; c) exame oral.5. En cada oportunidade de avaliación o alumno-a alumna recibirá a calificación NP en dous supostos: se non se presenta a ningún dos exames (escritos e oral) ou se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 50% das programadas en cada parte da materia.6. O estudiantado a tempo parcial que teña concedida a dispensa académica pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades programadas segundo o disposto no apartado 2.3. (as actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). En caso contrario, aplicaráselle o establecido no apartado 4.2. En calquera caso, a porcentaxe asignada en cada parte da materia á asistencia (5%) reasígnase como se indica no apartado 4.3.



Fontes de información

Bibliografía básica

- BADCY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1997). Conjugaison. 350 exercices. 1 000 verbes à conjuguer. Paris: Hachette F.L.E.
- SARAZÁ CRUZ, P.; MONTAIGU, C. (1997). Francés funcional para universitarios. Córdoba: Servicio de publicaciones de la Universidad de Córdoba.
- FERNÁNDEZ BALLÓN, M.; MONNERIE-GOARIN, A. (1987). Gramática esencial del francés. Paris-Madrid: Hachette-SGEL.
- DELATOUR, Y. (1991). Grammaire du français. Paris: Hachette F.L.E.
- GRÉGOIRE, M.; THIÉVENAZ, O. (2002). Grammaire progressive du français avec 500 exercices. Niveau intermédiaire. Paris: CLE International.
- BADCY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau débutant. Paris: Hachette F.L.E.
- (1999). Gran diccionario español-francés/français-espagnol. Paris: Larousse.
- (1997). La Conjugaison pour tous. Dictionnaire de 12 000 verbes. Paris: Hatier.
- GAILLARD, B. (1995). Le français de A à Z. Paris: Hatier.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno 2: Francés/613G03029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso do profesorado, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse a si mesmo e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías